

INTRODUCCIÓN



HOXE imos comezar unha viaxe cara ao pasado para coñecermos o Seminario de Estudos Galegos (SEG). Quen foron os homes e mulleres que formaron parte deste grupo de **intelectuais***? Cales eran as súas inquietudes? Que temas investigaban? Como funcionaba internamente o SEG? Que eran as xeiras? Atoparás todas as respostas a estas preguntas nesta guía. Oe, non penses que só terás que ler! Haiche moitas actividades e xogos entretidos para poñer en práctica todo o que vas aprender. Esperamos que disfrutes este percorrido!

Pero, antes de inicialo, é moi importante que te fagas socia ou socio do Seminario, como Xosé Filgueira Valverde. Para iso terás que cubrir o carné que está ao final desta guía (páx. 65). Podes recortalo e levalo sempre contigo!



Agora que xa pertences ao Seminario de Estudos Galegos, vén connosco!